





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en comisión nº 431, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Bieito Lobeira Domínguez e dona María Tereixa Paz Franco, sobre **“as medidas que se adoptarán para incorporar a lingua galega á Administración de Xustiza”**, (publicada no BOPG nº xxx, do xx de xx de 2009), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2009 (BOPG nº 14, do 8 de maio de 2009), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Administracóns Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O compromiso do Goberno galego pasa por promocionar o uso da nosa lingua, de xeito que os e as profesionais da Administración xudicial galega poidan desenvolver o seu traballo dentro do respecto da igualdade de dereitos lingüísticos e da plena vixencia da cooficialidade lingüística.

O dereito ao uso do galego en xuízo por calquera cidadán e calquera profesional do dereito está garantido polo marco normativo e, malia que aínda queda camiño por percorrer, a regra xeral no día a día dos xulgados e tribunais é o bilingüismo dun xeito pacífico e natural.

O estatuto xurídico dos xuíces – e asemade de fiscais e secretarios xudiciais – incorpora hoxe en día o coñecemento do galego, así como do Dereito Civil de Galicia, como mérito preferente para cubrir destinos nesta Comunidade Autónoma. Pola súa banda, no caso dos funcionarios ao servizo da administración de xustiza, a súa regulación vai un pouco máis lonxe, para alcanzar o obxectivo da normalización lingüística.



En resposta concreta ás preguntas formuladas, cómpre sinalar o seguinte:

1.- Sobre qué avaliación realiza o Goberno galego sobre a incorporación da lingua galega á administración de xustiza.

O artigo 3.1 da Constitución Española establece que o castelán é a lingua española oficial do Estado e que todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito a usala. Así mesmo, o seu parágrafo 2º sinala que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas, de acordo cos seus estatutos. Así, o Estatuto de Autonomía de Galicia establece que a lingua propia de Galicia é o galego, sendo os idiomas galego e castelán oficiais e tendo, por parte dos cidadáns, o dereito de coñecelos e usalos.

Neste marco, é o Estado como poder central o que, a través da Lei Orgánica do Poder Xudicial, debe adaptar o poder xudicial ás esixencias derivadas da cooficialidade lingüística recoñecida no Estatuto de Autonomía.

Deste xeito, no artigo 231 de dita Lei, fíxase como regra xeral que 'en todas as actuacións xudiciais, os xuíces, maxistrados, fiscais, secretarios xudiciais e demais funcionarios dos xulgados e tribunais, usarán o castelán, lingua oficial do Estado', se ben, potestativamente, 'poderán usar tamén a lingua oficial propia da comunidade autónoma, se ningunha das partes se opuxese, alegando un descoñecemento dela que puidese producir indefensión'.

No mesmo sentido, o devandito artigo recoñece o dereito de que 'as partes, os seus representantes e quen os dirixan, así como as testemuñas e os peritos, poderán utilizar a lingua que sexa tamén oficial na comunidade autónoma en cuxo territorio teñan lugar as actuacións xudiciais, tanto orais como escritas'.

A Xunta de Galicia, como responsable dos medios materiais ao servizo da Administración de Xustiza en Galicia, a través da Dirección Xeral de Xustiza,



realiza diversas accións de promoción do emprego do galego. Entre elas, destaca a colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, para impartir anualmente cursos de linguaxe xurídica galega dirixidos ao persoal ao servizo da Administración de xustiza.

Os profesionais xudiciais acreditan bos coñecementos da lingua galega e de boas competencias para desenvolverse nela. Así se desprende do informe realizado polo Observatorio da Lingua galega no ano 2007.

En todo caso, a través da rede corporativa de xustiza, existe á disposición dos xulgados e tribunais, ferramentas que permiten a tradución automática dos documentos ao galego e, así mesmo, os equipos lingüísticos da Administración de Xustiza están a cumprir un papel fundamental servindo de soporte técnico para o persoal dos órganos xudiciais. Neste deseño, existe unha canle de comunicación vía correo electrónico para suxerir posibles melloras ou resolver as dúbidas lingüísticas puntuais que se puideran producir no traballo cotián na Administración de Xustiza.

De igual xeito, existe á disposición dos xulgados galegos unha sección na rede corporativa que ofrece material lingüístico (normas ortográficas, vocabulario, dicionario, tradutor automático..), así como un buscador de textos lexislativos en galego, que se atopan plenamente incorporados, tanto no que respecta a leis procesuais como substantivas.

Paralelamente, na mesma intranet xudicial, inclúese con carácter contínuo información actualizada sobre as posibilidades de formación en lingua galega, tanto no que respecta ao coñecemento xeral da lingua, como á formación específica en linguaxes de especialidade, nomeadamente, a linguaxe xurídica. Ademais, incorpóranse recursos para a autoaprendizaxe, co fin de avanzar no proceso de normalización do galego na Administración de Xustiza.



2.- Sobre qué medidas para a efectiva galeguización da xustiza se porán en marcha

Os obxectivos do goberno galego no que atinxe á normalización lingüística na Administración de Xustiza en Galicia, veñen referidos no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 22 de setembro de 2004, entre outros, os seguintes:

- Consegui que a todo o cidadán se lle ofrezca a opción de ser atendido en galego e, se o desexar, que todas e cada unha das partes do proceso se desenvolvan nesta lingua.
- Garantirlles a capacitación lingüística a todas as persoas que traballen na Administración de xustiza, de xeito que lle sexa doado ao cidadán exercer os seus dereitos lingüísticos.
- Propiciar o mesmo espírito de respecto á opción lingüística dos cidadáns por parte dos membros dos colexios oficiais de notarios e avogados no exercicio das súas funcións.

Na procura destes obxectivos, vanse establecer os convenios necesarios na liña de acadar unha mellora na capacitación lingüística de xuíces, fiscais, secretarios xudiciais e funcionarios ao servizo da Administración de Xustiza, así como dos operadores xurídicos en xeral.

Paralelamente, elaboraranse materiais e publicacións, tanto en soporte papel como informático, para a efectiva difusión da nosa lingua no eido xudicial, e reforzaranse as campañas de difusión e sensibilización. De feito, un dos primeiros pasos da nova Dirección Xeral de Xustiza foi iniciar os contactos coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, para axilizar a posta en marcha das ditas medidas.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
É XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Pola súa banda, os equipos lingüísticos están a traballar diariamente na tradución de documentos en galego que se están a incorporar no sistema de xestión procesual existente nos xulgados. Neste contexto, un dos obxectivos de traballo pasa por lograr que o acceso ao Portal do Punto Neutral Xudicial (dependente do Consello Xeral do Poder Xudicial) permita que a persoa operaria poida elixir o interface en galego ou en castelán.

A Xunta de Galicia impulsará liñas de acción específicas que contribúan a avanzar na normalización da lingua galega na Administración de Xustiza. Traballarase para que a promoción e o uso da lingua galega reflictan o establecido na lexislación, sempre dentro do respecto da igualdade de dereitos lingüísticos de todos os cidadáns e da plena vixencia da cooficialidade lingüística.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2009

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia